

A NOSA TERRA



Ano XXX — Núm. 464

BOS AIRES, SETEMBRO DE 1948

Intre Auspicioso

A coledividade galega de Bós Aires, dende fai un tempo, atópase en prena efervescencia patriótica. As nosas sociedades, grandes e pequenas, sinten nobre emulación por superarse i erguer o sagro nome de Galiza á outura merescenté. O noso himno xa se escoita en todol-os aitos que aquelas reaizan, ornados sempre pol-a bandeira patria. Nos xantares pronúncianse máis discursos en galego. Xentes que denantes tiñan vergonza de falar na propia lingua, fano oxe con orgulo.

As xornadas galegas de xulio derradeiro marcaron a culminación deste movemento galeguista que arrastra á nosa coledividade.

E o pecho de ouro desas xornadas foi posto pol-o artigo magnífico do xornal "La Prensa" —o mellor periódico de fala castelán— en col da Eisposición do libro galego que para moitos foi unha revelación.

Hai en todo esto unha realidade e unha esperanza. A realidade, indiscutibel, é que, oxe, na Arxentina, o galeguismo impúxose totalmente. Certo que non se trata dun galeguismo de partido, coa disciplina e as limitacións propias de tales entidades; é un galeguismo patriótico, amplo, onde abasta que o espírito dos adherentes vibre coas verbás de República e Autonomía. Y en esto coidamos non equivocarnos si decimos que o noventa e nove por cento da nosa coledividade está compretamente de acordo con nosco.

A esperanza é, naturalmente, para o mañán. Cando a nosa Terra fique ceibada das cadeas que a agrilloan, a unidade espíritoal dos galegos da Arxentina pesará grandemente sobor dos destinos de Galiza. E si a esa unidade espíritoal engadimos a forza económica da nosa coledividade, que non duvidamos será posta ao servicio dos ideaes por que todos loitamos, entón si que podemos estar seguros de que o triunfo será rotundo, e Galiza conquerirá o dereito de darse as súas propias leis.

Non queremos sere demasiado optimistas, pero a coledividade galega de Bós Aires, tal como oxe se amostra, échenos o peito de ledicia e promete levar a cabo empresas que nos honoren e que fagan pronunciar con respecto, por propios e alleos, o bendito nome da nosa Terra.

(TRADUCCION)

La colectividad gallega de Buenos Aires, desde hace algún tiempo, se halla en plena efervescencia patriótica. Nuestras sociedades, grandes y chicas, sienten noble emulación por superarse y levantar el sagrado nombre de Galicia a la altura que merece.

Nuestro himno ya se escucha en todos los actos que aquellas realizan, ornados siempre con la bandera patria. En las comidas ya se pronuncian más discursos en gallego. Gentes que antes tenían vergüenza de hablar en su propio idioma, hoy lo hacen con orgullo.

Las jornadas gallegas de julio último marcaron la culminación de este movimiento galleguista que arrastra a nuestra colectividad.

Y el broche de oro de esas jornadas fué puesto por el artículo magnífico del diario "La Prensa" —el mejor periódico de lengua castellana— con motivo de la Exposición del libro gallego, que para muchos fué una revelación.

Hay en todo esto una realidad y una esperanza. La realidad, indiscutible, es que, hoy, en la Argentina, el galleguismo se impuso totalmente. Ciertamente que no se trata de un galleguismo de partido, con la disciplina y las limitaciones propias de tales entidades; es un galleguismo patriótico, amplio, en donde basta que el espíritu de los adherentes vibre con las palabras de República y Autonomía. Y en esto creemos no equivocarnos si decimos que el noventa y nueve por ciento de nuestra colectividad está de acuerdo con nosotros.

La esperanza es, naturalmente, para el mañana. Cuando nuestra Tierra quede libre de las cadenas que la aprisionan, la unidad espiritual de los gallegos de la Argentina pesará grandemente sobre los destinos de Galicia. Y si a esa unidad espíritual añadimos la fuerza económica de nuestra colectividad, que no dudamos será puesta al servicio de los ideales por que todos luchamos, entonces si que podemos estar seguros de que el triunfo será rotundo, y Galicia conquistará el derecho de darse sus propias leyes.

No queremos ser demasiado optimistas, pero la colectividad gallega de Buenos Aires, tal como hoy se manifiesta, nos llena el pecho de alegría y promete llevar a cabo grandes empresas, que nos honren y que hagan pronunciar con respecto, por propios y ajenos, el bendito nombre de nuestra Tierra.

A nosa política

Nin República do 31 nin Monarquía

O republicanismo desterrado de Hespaña contaba coa simpatía de todol-os povos do mundo, e a súa causa formaba parte dos anxeios libertadores da humanidade. Nin a mesma guerra mundial, cos seus estrondos e alaridos, foi capaz de afogar o recorde da guerra civil hespañola; e a causa antifranquista foi decote unha cuestión internacional, integrante dos principios democráticos en loita co totalitarismo. Certo é que os vencedores de Hitler e Mussolini non merecían a confianza que todol-os demócratas do mundo puxemos no triunfo das súas armas; pero a causa do republicanismo hespañol máis se desvalorizou pol-a insensata discordia dos seus líderes desterrados que pol-a inesperada conduta das Nacións vitoriosas.

Os que agora son amos do mundo comprometéronse a estirparen de raíz todol-os focos sobreviventes do totalitarismo, onde queira que se agachasen, e hoxe vemos que a ditadura de Franco sigue impertérrita, a pesares de ser unha viva sobrevivencia dos rexímenes proscritos. Pero tamén é verdade que o republicanismo desterrado de Hespaña non ofereceu ás Nacións Unidas un órgano de goberno estable, competente e con autoridade capaz de restablecer a paz democrática do seu país. Somentes ofereceu egoísmos absurdos de partido, vanidades persoas sen ningún fundamento, ficcións pésimamente representadas e, a todas horas, discordias e outros escesos. E foi así como se dou motivo para inventar un problema, que xa non é o de derrubar a Franco, senón o de sustituílo.

Formárase un Goberno representativo de todas as forzas do republicanismo hespañol, avalado pol-as Cortes lexítimas da República, reunidas en México, e recoñecido por varios Estados europeos e americanos. Aquel Goberno foi derrubado en París por maquinacións de Indalecio Prieto, servidas pol-a inmensa maioría dos ministros, e ao caer foi substituído por outro Goberno de precaria existencia. Por fin, a dirección política do republicanismo desterrado redúxose ao elenco que agora preside o Sr. Albornoz, cuio Goberno entretén os seus ocios regalando condecoracións... E así non se pode gañar a vontade dos amos do mundo nin se pode conservar por máis tempo a simpatía dos povos amigos da República hespañola.

Duro resulta decir que o republicanismo desterrado de Hespaña xa non ten homes capaces de seguir representando a causa que os trouxo ao desterro, é decir, a causa que o povo hespañol defendeu até sucumbir; e o que

decimos dos homes pode decirse, igoalmente, dos partidos. Había, si, un Indalecio Prieto —home de gran predicamento, ducho en intrigas políticas—, que concibeu a idea de derrubar a Franco aliándose cos monárquicos. Este home abrazouse a Gil Robles e produxo a desmoralización do republicanismo. Foi aquel un abrazo de dous difuntos n-un cemeterio. Porque agora resulta que Franco e don Juan tamén se abrazaron, deixando a Prieto e a Gil Robles ao garete. E cotal motivo preguntámonos: ¿De qué valeu a claudicación de Prieto e dos seus corifeos? ¿Quén lle devolve á causa republicana o creto moral que Prieto lle fixo perder? ¿Cómo se pode resucitar o Goberno que Prieto derrubou coas súas maquinacións?

Coa claudicación de uns e a insensatez de outros xa non cabe esperar o restablecemento da República do 1931; pero tampouco será doado restaurar a monarquía dispois de perderse o respecto tradicional que denantes a sustentaba. Decía Prim que era moi dificultoso facer un rei; pero que era máis dificultoso facer unha República onde non había republicáns. Agora Franco quer facer un rei do fillo de don Juan, n-un país que xa deixou de ser monárquico e que soio é apto para vivir en república. Claro está que non escluimos a posibilidade de ver realizada esa esperanza, porque os hespañoes sempre están na coarta dimensión, no reino do absurdo; pero non lle arrendamos a ganancia a quen se sente no trono que deixou valdeiro Alfonso XIII, a non ser que a tiranía sexa eterna en Hespaña. Esta-

mos seguros, absolutamente seguros, de que o restablecemento da democracia en Hespaña soio é cuestión de máis ou menos tempo, e polo-tanto, algún día o povo hespañol será soberano e impondrá o réxime que prefira. Cando eso aconteza —e ten de acontecer fatalmente— implantaráse en Hespaña unha terceira República, que, por lei da historia e da natureza, será federal. E velahí o que os galegos republicáns esperamos.

Nós, os galeguistas, non entramos en tratos nin en contratos con Comités máis ou menos representativos de partidos pantasma, por moi importantes que fosen eles en pasadas situacións. A nosa política é orixinal e única si se compara coa dos restantes grupos do republicanismo desterrado, pois non-a basamos en ficcións partidistas, senón en entidades vivas e auténticamente democráticas. A nosa política foi sempre leal aos principios republicáns e guiouna o amor a Galiza, confundíndoa co natural sentimento dos nosos emigrados e das súas poderosas organizacións. Xuntos, os galegos emigrados formamos unha patria ideal, que pesará decisivamente sobor da patria verdadeira. ¿Pode haber acaso unha política mellor no desterro? Desgraciadamente, o resto dos hespañoes non quixeron seguir o noso camiño, e así lles vai.

Si; os galegos republicáns estamos unidos i esperanzados, porque nin somos ilusos nin claudicantes. Esperamos o advenimento da terceira República e o noso republicanismo non ten máis que unha bandeira: a bandeira azul e branca de Galiza.

De "Sempre en Galiza"

POR CASTELAO

Na campaña preparatoria do plebiscito estatutista os galeguistas cansámonos de repetir en todol-os mitíns a mesma promesa: "Declaramos que non somos partidarios da violencia e que o noso Partido aspira a realizar o seu programa dentro da máis estricte legalidade; pero da mesma maneira que consideramos o separatismo como unha idea anacrónica e non embargantes estaríamos dispostos a abrazalo como derradeira posibilidade de salvación, asimesmo decimos que non aceptaríamos endexamáis a violencia como sistema; pero que estamos dispostos a aceptala para defender a República contra calisquera ameaza de tiranía". Esto dixemos e esto fariamos; pero non-os cadrou a nós orgaizar a defensa do réxime en Galiza, e os que tiñan esta misión descoidárona e morreron pendurados do teléfono que comunicaba con Madrid e co Ministerio da Gobernação. Se nós gobernásemos en Galiza procuraríamos salvala sen autorización de Madrid, e teño a seguridade (seguridade basada en informes certísimos do que alí ocorreu) que non seríamos vencidos pol-os militares acoartelados. E aínda digo máis: Galiza determinaría, coa súa liberdade, a salvación definitiva da República. Por eso canto máis cavilamos no que pasou, sentímonos invadidos pol-o arrepentimento; pois tamén nós somos culpables ao renunciarmos a interferir as decisións do Goberno en asuntos xeraes, prestándonos a servilo cegamente. Confesemos a nosa improvisión, de paso que declaramos a dos demáis.

O Centro Betanzos Celebrou as suas Festas Tradicionales

Co gallo da festividade de San Roque —patrono de Betanzos— o Centro Betanzos orgaizou diversos actos no derradeiro mes de agosto, nos que se puxo de manifesto o arraigo e prestixio conquirido por esta entidade, que vai por un camiño progresista, dándolle aos seus actos un definido carácter galeguista, diño da mellor alabanza.

O día 8 no local social de México 1660, levouse a cabo un banquete popular —conxuntamente as entidades do seu partido xudicial— que contou ca presenza de cerca de 500 comensales. Presideu a mesa o Presidente do Consello de Galiza, doutor Alfonso R. Castelao, ao que rodeaban as figuras máis representativas da nosa colectividade, os presidentes das entidades galegas, representantes da prensa argentina e galega i os membros da entidade orgaizadora.

Deu comenzo o xantar ca execución do Hino Galego, coreado pol-os asistentes; e logo dos postres, o segredo do Centro Betanzos, irmán Suárez do Pazo, destacou en oportunas verbas a presenza de Castelao e de máis invitados especiais, dando lectura ademais ás diferentes adhesións recibidas.

No nome da comisión orgaizadora, o seu presidente señor Rafael Cabo, en brillantes frases espuxo o pensamento da comisión, facendo un chamado á unión da colectividade galega de Bós Aires para facer unha labor cultural e patriótica, diña dos galegos e de verdadeiro prestixio para Galiza.

Falou seguidamente o irmán Avellino Díaz, quen destacou a labora espiroital que viña facendo o Centro Betanzos, i as actuacións destacadas da súa coral "Os Rumorosos"; e referíndose o acto en sí, dixo que éste é un acto de galegitude, que non constitúe un sentimento político senón espiroital. Para iso estamos aquí representantes d-esa galegitude, para lembranza i honra de Galiza. Rematou pedindo aos galegos que se mantían firmes no sentimento da patria ca diñidade de bós cidadáns, porque non se pode —dixo— ser bó cidadán do mundo, se non se comenza por selo da terra en que nascimos.

Aferoados aprausos saudaron a Castelao ao disporse a facer uso da verba. Empezou dicindo que foi no Centro Betanzos onde deu a súa primeira conferencia ao chegar a Bós Aires, e que foi no Betanzos onde estivo no primeiro banquete da colectividade, e que xa n-aquel tempo espuxo con bastante craridade os direitos i-a personalidade de Galiza como nación. Criticou logo aos xerifales que escondéndose n-un aparente gorro fríxo, aconsellábanlle non gastarse en tantos actos, pero eu —dixo— estou disposto a seguirme gastando, porque eles non foron capaces de facelo por medo de por en descuberto a súa miseria moral.

Atópanse hoxe enfadados porque o nome de Galiza ocupa as páxinas da prensa argentina, motivando artigos editoriais como o publicado pola "Prensa" —o xornal de máis categoría de fala castelán— e todo isto sin intervención d-esas xentes cheas de vanidade personal, capaces incluso de deshonrar a mesma colectividade. Puxo de manifesto a importancia da colectividade galega de Bós Aires —a máis grande de América— i-a responsabilidade que ten de falar no nome dos galegos que hoxe están amordazados, e que debe facelo ca resonanza e profundidade que lle corresponde.

Tanto Castelao com-os anteriores oradores foron moi apraudidos.

AUDICION RADIAL

Como parte integral dos actos orgaizados, o sábado 14, a Audición "Recordando a Galicia" dedicou o seu espazo radial a Betanzos n-unha audición especial na que a Srta. Maruxa Boga —directora da audición— dedicou a páxina editorial ás festas que se conmemoraban, actualizándose dimpóis pasaxes da hestoria, costu-

mes e tradicións de Batanzos, aituando ademais o coro do Centro Betanzos "Os Rumorosos" que interpretou varias cancións galegas; i-o segredo xeral da entidade, señor A. Suárez do Pazo, dirixiuse aos radioescoitados n-un saúdo agarimoso aos brigantíños, destacando a data que se lembraba, i o seu significado espiroital para todol-os betaneiros emigrados.

O mesmo día en horas da noite celebrouse a velada tradicional que foi un gran éxito de público.

CASTELAO, PRESIDENTE HONORARIO DO CENTRO BETANZOS

Clansurando os actos orgaizados, o sábado 21 do mesmo mes de agosto, tivo lugar no local social, un emotivo acto patriótico no que se nomeou a Castelao Presidente Honorario do Centro Betanzos, entregándolle un diploma ca seguinte lénda:

Considerando: que o Dr. Alfonso R. Castelao é un outo exemplo de lealdá e fidelidade á patria galega, e representa o latexar dos nosos sentimentos, i o aneio colectivo d-unha Galiza ceibe, na sesión do 24 de xuño, por unanimidade, resolvéuse nomealo Presidente Honorario do Centro Betanzos.

Aituou n-ese acto — que se veu prestixiado por unha gran concurrencia — o coro do Centro Betanzos "Os Rumorosos" que en forma brillante interpretou escollidas páxinas do noso folklore. Den comenzo o acto ca interpretación do Hino Galego pol-o coro nomeado, i o Presidente da Comisión de Cultura, señor Rafael Cabo, dixo as verbas de saúdo, ocupando a tribuna levantada ao efecto, o señor Vicente Abarrategui, quen disertou sobor do tema "Unha betaneira eixtraordinaria". Da. Ma. del Carmen Quiroga de Van Halen; tema interesante que foi seguido con interés sendo felicitado o señor Abarrategui ao fin da súa disertación.

DISCURSO DE SUAREZ DO PAZO

Logo entre os aprausos i as mostas de adhesión da concurrencia, o irmán A. Suárez do Pazo, Segretario Xeral do Centro Betanzos, entregou a Castelao o título de Presidente Honorario do mesmo cas seguintes verbas:

"Sras. e Sres.: O Centro Betanzos de Bós Aires cumpre hoxe o que nosoutros consideramos un deber xusticieiro e patriótico.

Nomear un Presidente honorario, na maioría dos casos, significa un compromiso intranscendente i-un feito rutinario sin ningunha significación, posto que se considera coma un adorno na vida societaria. Pero nomear en estos tempos Presidente honorario d-unha entidade galega ao Dr. Castelao, significa: recoñecer a súa personalidade coma guieiro das arelas galeguistas, e significa unha afirmación clara e inconfundible do pensamento da sociedade que da ese paso.

De ahí que para o Centro Betanzos este feito teña unha outa significación i-un valor trascendental, pois com elo afirmamos a nosa posición galeguista, e por ende autonomista, i-o compromiso de loitar pol-a diñificación de Galicia e pol-o conquirimento das súas liberdades, proclamando ao Dr. Alfonso R. Castelao a figura máxima de Galicia, pois ao nomealo noso Presidente, facémolo recoñecendo n-el ó xenuino representante de Galicia, e coma tal de feito e por propio dereito, Presidente de todol-os galegos.

A figura do Dr. Castelao, a súa personalidade, a súa labora i-as súas actuacións, son bastante coñecidas coma para que eu aquí pretenda agora destacalo. A Galicia emigrada, a que non sabe de cadeas que a ferrolen a súa voce, xa en moitas xeiras inolvidables consagrou a Castelao na súa outa misión de defensor e guieiro das súas iniquidades.

O Centro Betanzos, que leva o nome de aquela anterga i hestórica cidad galega onde está enterrada moita da tradición i hestoria d-unha Galicia remota que nos fala d-un pasado de grandeza; que foi a cabeza d-unha Galicia florecente; que toda ela nos está falando d-un pasado que non morreu no noso sentimento; que ceibou

a Galicia d-aquel infame tributo das cen doncellas; que tivo unha figura que encarnou toda unha época coma Fernán Pérez de Andrade; que deu a Galicia i á galegitude un valor eixtraordinario coma foi aquel gran visionario que se chamou Antolín Faraldo; o Centro Betanzos de Bós Aires, repito, fidel con esa honrosa tradición do povo que leva o seu nome, tivo a outa satisfacción de ser a primeira casa galega que escoitou a Verba do gran Castelao n-esta gran cidad galega que é Bós Aires, e ten hoxe n-este acto, diante de Castelao e fronte á colectividade galega, unha gran responsabilidade i-un outo honor.

Responsabilidade; porque o feito de ter a Castelao coma Presidente, obríganos a respaldar as súas actitudes, i a secundar a súa posición de loita e de defensa; actitudes e posición que non son súas nin nosas, que son de todol-os galegos diños, posto que son de Galicia, e sendo de Galicia quen senón os galegos temos que afirmalas e mantelas!

I é un outo honor, porque ter coma Presidente a unha personalidade tan significativa, e dos valores intelectuales, e sobor de todo, moraes, coma o Dr. Castelao, é algo para envaneecer aínda aos máis modestos. Pero nós, conscientes da nosa misión, afrontamos o compromiso da responsabilidade, i-o peso do honor; o Centro Betanzos foi e será sempre unha entidade netamente galega, e coma tal saberá comportarse.

Non facer esto, o Centro Betanzos non o fai para cumprir ningunha disposición estatutaria, nin para encher ningún acto; por enriba dos estatutos da vanidade societaria, está a nosa conciencia galega, i-o noso sentimento de rebeldía ante as inxusticias que de cete se cometen ca nosa Galicia da que, volvo a repetir, Castelao é un diño representante; e damos este paso, aneiciando que todalas entidades galegas imiten esta actitude, para logo n-un gran acto público proclamar a Castelao Presidente da Galicia emigrada, que é a única Galicia ceibe dos momentos actuais.

Nosoutros, señores, non queremos a Galicia pol-o solo feito de haber nacido n-ela; nin lembramos a nosa terra soamente pol-a fermosura da súa paisaxe, ou pol-o enaento das súas rias. Non; nosoutros lembramos e queremos a Galicia por eso e por moito máis.

Decotío escoitamos a moitos galegos falando de Galicia coma namorados da terra; pero cando se lles fala de Galicia coma un povo do Estado hespañol; cando se lles fala da realidade do noso idioma —o que non poideron afogar tantos séculos de persecución—; cando lles prantexamos o noso aneio de que Galicia sexa considerada como un povo diferenciado, arrauxando as súas leis, as súas necesidades, e xa venchen cas monsergas do separatismo.

Pois nosoutros entendase ben, é xustamente ahí onde nos sentimos máis galegos; ahí onde mostramos o noso cariño i-a nosa lembranza por Galicia. Nosoutros queremos unha Galicia máis respetada que a que nos dá o Estado hespañol. Non somos separatistas, posto que pedimos a igualdá de dereitos para todol-os povos da Hespaña. Somos galeguistas, porque queremos o engrandecimento de Galicia, porque Galicia ten valores e ten dereitos, tanto morales coma materiais ou espirituales, que non queremos que sigan no esquezo. Somos hespañoles si, pero galegos; posto que si para ser o primeiro temos que renunciar ao segundo, perdemos a esencia mesma do noso ser, e non seríamos nin unha cousa nin a outra.

Por todo esto, e por moito máis aínda, somos e seremos ante todo galegos, porque Galicia nunca debe renunciar á súa propia personalidade.

Dr. Alfonso R. Castelao: por todos estos conceptos que reflexan o pensamento da nosa institución, e vendo en vostede ao abandeirado das nosas aspiracións, no nome do Centro Betanzos, entrégolle este título que o acredita coma Presidente honorario d-esta entidade, que si ben é pequena en número, é grande en sentimentos, i-en lealdá e fidelidade á patria galega.

VERBAS DE CASTELAO

Visiblemente emocionado, o doctor Castelao, agradeceu a distinción de que se lle facía ouxeto, manifestando o seu recoñecemento á entidade brigantíña, pasando dimpóis a disertar sobor da hestoria de Betanzos, mantendo en suspenso o interés do público que seguía a súa brillante disertación, que foi un eixtraordinario apor-

(Pasa á pág. 3)



Na próisima reunión da O. N. U., que se celebrará en París, voltará a relucir o "caso hespañol". Polonia foi quen pideu a incrusión do asunto na orden do día.

Pol-a banda de onde ven o pedido, xa se pode dicir cómo será resolto. Haberá discursos en pro e discursos en contra. Un torneo máis de oratoria da sociedade que leva o mesmo camiño que aquela outra fai pouco fenecida —e ben fenecida— en Xinebra.

O mundo seguirá dando voltas e non se alterará nin un chisco porque o caudillo siga facendo das súas. ¡Qué importa que o povo hespañol sufra e non poida limpse a roña feixista!
¡Para eso non se fixo unha guerra!

Botábaselle a culpa a Norteamérica e máis a Inglaterra de que seguira o réxime de Hespaña como nos mellores tempos de Hitler e Mussolini. Pois esto non é certo. Hai unha nova versión, mellor dito, unha nova acusación.

Según o sancristán prietista, o Sr. Araquistain, Rusia é a única culpabel de que Franco siga desgobernando a Hespaña. Non vos asombredes; escoitade o que dí, para fundamentar tan ousada afirmación, o ilustre socialista:

"A única esperanza dunha solución democrática do problema hespañol estriba en que, por fin, a paz estabrézcase firmemente na Europa. Entón Franco xa non será de ningunha utilidade para as potencias occidentaes. Pero a paz e a guerra están nas maus de Rusia. En consecuencia, Rusia é a principal potencia responsabel da duración do réxime franquista".
¡Fantástico!

Para poñerse a ton coas eisixencias democráticas que se lle fan ao caudillo, a fin de que non avergonce aos que o amparan, fálase de que se reaizarán en Hespaña no mes de novembro próisimo unhas eleccións municipais.

Posiblemente se celebre tamaña farsa, i entón os valedores do xeneralísimo non terán empacho en proclamar que xa non hai motivo para ter a Hespaña en cuarentena política. ¡O Xordán das eleccións purificaría ao espurio!

Hespaña, pol-o tanto, poderá ser admitida sen mengua no concerto das Nacións Unidas. ¡Outras rodas de muño meirandes pasaron pol-as gorras democráticas!

O prietismo está en bancarrota. A entrevista de Don Xancos mandamais de Hespaña deixouno en calzocillos.

¡Qué día agora os que gababan a sabiduría de Don Inda e viause xa colaborando —e non gratis, craro está— coa salvadora monarquía?

Si non fora a cousa tan trágica, era coma para fartarse de rir até ficar sen folgos?

¡A quen lle botarán a culpa do fracaso da política centubernista? Perguntarémollo ao Sr. Araquistain, que é especialista en atopar culpabeis.

Pol-o de pronto, hai xa que nos aseguran que a sorpresiva entrevista foi a causa de imposicións de Norteamérica, do Vaticano e... —esto si que ten gracia— a causa "da reptura de negociacións entre monárquicos e socialistas, dentro e fora de Hespaña".

Así o manifesta o redactor diplomático do "Daily Telegraph", agregando: "Durante 1946 e 1947 ditas negociacións desenroláronse en forma esperanzadora. Pero dende entón os socialistas —¡pobriños!— cairon cada vez máis, baixo a dominación dunha minoría comunista, facendo imposible unha comprensión mútua".

¡Pero isto é un manicomio ou qué raio é?

Con gran pompa celebrouse en Burgos —a tradicional cabeza de Castela—, o 7º centenario da creación da Mariña hespañola. A capital, patria do Campeador, e regada pol-o río Arlanzón, que ás veces non se ve por ningures, non-os parece a máis axeitada para tal acontecemento.

E unha cousa verdadeiramente absurda ver aos mariños desfiar en automóviles, anque sexan anfibios, en ves de velos na súa propia salsa, navegando coas velas despregadas, ou botando lume pol-as chimeneas nos modernos acorazados.

Podíase haber elexido calquer porto de mar —e conste que nós non-o decimos pol-o Ferrol do Caudillo— e a cousa estaría ben; pero ¡buscar unha cidade terrestre para celebrar un suceso naval?

Cicáis o motivo fora porque Bonifaz, o almirante que mandaba a escuadra que atacou a Sevilla había nascido en Burgos. Mais dase o caso que Paio Gómez Charino, almirante asimesmo, e Señor de Rianxo, que orgaizara tamén unha escuadra para axudar ao rei santo na conquista da mentada plaza, había sido nada menos que o que romperá coa súa nau a cadea que de banda a banda impedía o paso pol-o Guadalquivir. Entón, Pontevedra, que foi o berce de Charino e onde repousan os seus osos, merescería tamén o mesmo honor.

En fin, non val a pena de seguir comentando máis esto, porque podería alguén creer que nós, os galegos, temos envexa das grorias casteláns; pero nós non temos envexa de ningunha, e non necesitamos roubar grorias, que temos dabondo e de sobra para regalar.

Pol-o demáis xa estamos afeitos ás inxustizas da Historia de Hespaña para molestarnos por tan pouca cousa. Levantamos a perna... e facemos como os cans.

Día dos Mártires Galegos

HOMAXE A ALEXANDRE BOVEDA

Coma tudol-os anos, a Galiza emigrada, democrática e libre, conmemorou a Data dos Mártires Galegos, dos patriotas galegos que cairon asesiñados ou fusilados pol-a barbarie falanxista hespañola. Coma xa é sabido, a Data dos Mártires Galegos é o 17 d-agosto, aniversario do fusilamento do esgrevio galeguista Alexandre Bóveda. N-ñl fican simbolizados os milleiros e milleiros de mártires da galegidade, os milleiros e milleiros de galegos, pertencentes a tudol-os partidos republicáns, que deron as suas sagras vidas pol-a República e pol-a Libertade.

Iste ano, o homaxe a Alexandre Bóveda fíxose o domingo 22 d-agosto no gran Salón-Teatro da Federación de Sociedades Gallegas. O aito foi orgaizado pol-a Comisión Intersocietaria, integrada pol-as entidades seguintes: Federación de Sociedades Gallegas, Centro Lucense, Centro Orensano, Centro Pontevedrés, Centro Coruñés, Centro A. B. C. de Corcubión, Centro Betanzos e Irmandade Galega. Levouse a cabo o dito domingo pol-a mañán, coa asistencia de representacións de moitísimas sociedades galegas e gran cantidade de público.

Na sala viase o busto de Bóveda que facilitara o Centro Orensano. Ista posta sobor d-un pedestal recuberto pol-a bandeira galega. Antre as ofrendas froaes destacábase unha grandeira coroa de froes, combinando os coores da nosa bandeira, a nome das entidades orgaizadoras do aito; e tamén a que enviou o Coró "Os Rumorosos", do Centro Betanzos.

Abriuse o aito co Himno Galego. Seguidamente o señor Ramón Mouzo, membro da Xunta Executiva da Federación de Sociedades Gallegas, falou a nome da Comisión orgaizadora do homaxe, faguendo resaltar a sññificazón do aito. En axeitadas verbas fixo a eisaltazón da figura de Bóveda e sinalou a circunstanza de que tamén no 17 d-agosto o povo arxentino conmemoraba o aniversario do seu gran héroe, xeneral Xosé de San Martín. O orador puxo de releve a analoxía que se daba antre San Martín e Bóveda, os dous paladís da causa da libertade d-ambos povos. As elocuentes verbas do señor Mouzo foron moi apraudidas.

A continuación, a brillante recitadora señorita Lía Suárez in-

O CENTRO BETANZOS CELEBROU AS SUAS FESTAS TRADICIONALES

(Ven da páx. 2)

te á difusión da hestoria de Betanzos, e unha peza oratoria do máis onto valor, que puxo de manifesto os grandes coñecimentos de Castelao da hestoria de Galiza, pois ante os ollos dos betaneceiros presentes desfilaron coma n-unha pantalla imaxinaria, maxistralmente debuxada por Castelao, todo o pasado do seu povo tan rico en hestoria e de tan antergas tradicións. Ao rematar a súa disertazón, os presentes rodearon e felicitaron a Castelao, demostrándolle elocuentemente as simpatías e admiración que o guieiro da galegidade conta no Centro Betanzos.

Foron aitos cheos de sentimento patriótico; moi ben orgaizados, pol-os que sinxelamente felicitamos aos irmáns do Centro Betanzos.

terpretou con fermosura de voce, e con fonda emozón a belida poesía do poeta Emilio Pita titulada "Na Morte de Alexandre Bóveda", que foi longamente apraudida.

Ocupou logo a tribúa o presidente do Consello de Galiza, deputado galego don Alfonso R. Castelao, quen fixo unha mañífeca disertazón sobor da vida, laboura e méritos de Bóveda. Falou Castelao dominado por intensa emozón. Comenzou dicindo: "Eu non sei falar dos amigos nin dos mortos; Alexandre Bóveda, o inesquecible Bóveda, é pra mín ambas cousas. Il representa a tudol-os mártires galegos; e pra mín é un marteiro o falar d-ñl. A súa figura eis-traordinaria non pertence á historia; pertence xa a leenda do povo galego". Logo trazou a grandes rasgos a biografía de Bóveda, pondo de manifesto o que representou pra Galiza a súa laboura no seo do Partido Galeguista, e de maneira especial, no estudo das bases económicas do proieuto do Estatuto Galego, na campaña eleitoral de febreiro do 1936 e na propaganda do Plebiscito. Recordou que os dous foron desterrados da Galiza no "bienio negro", pol-o goberno de Lerroux; con elo quixerón as forzas reacionarias hespañolas castigar e coutar o movemento autonomista galego: a Bóveda o confinaron en Cádiz e a Castelao en Badaxoz,

torpe aitude que se voltou contra os inimigos de Galiza, pois elo sirveu pra alcender no povo galego máis e máis o seu senso patriótico e os seus anxeios de autonomía e de libertade.

"E cando Galiza —sigueu dicindo Castelao—, encarou seriamente a conquista do seu Estatuto, a laboura de Bóveda asombrounos a todos e a todos nos obrigou a traballar rexamente. E ben se pode dicir que a maor parte do reaizado n-aquíñ intre, debéuselle escrusivamente a Bóveda. Por iso o mataron; o mataron porque lle tiñan medo, o mataron porque vían n-ñl o gran home de pensamento e de acción. O seu patriotismo galego iba xunguido a unha outa nobreza de sentimentos e de procederes. Por iso era respetado por tudal-as forzas políticas, aínda das dereitas; e por iso todos o queríamos e obedecíamos non embargantes a súa xuventú. N-ñl viase o futuro da Galiza; por iso o asesiñaron inicuasamente, pois n-ñl matábanlle a Galiza o seu gran orgaizador, o que lle sabía dar formas prácticas ao seu lirismo patriótico".

O emozonante discurso de Castelao foi moi apraudido en diversos pasaxes, e ao romate o público tributoulle longa ovación.

O aito terminou coa interpretación de "Negra Sombra", a emotiva peza de Montes con letra de Rosalía.



Do son da zanfona

Non hai quen-o queira

por VERDUGUILLO

*Triste e cubiabaixa
pol-a corredoira,
unha mulleriña
para a casa volta.*

*Leva diante dela,
preso dunha corda,
a un porco que gruñe
decote, e que foza.*

*Na cercana feira
a vendelo fora,
pois mercar, na vila,
quería unhas cousas.*

*Levábanlle os ollos
un pano de alfombra,
unhas medias brancas
e unha saia á moda.*

*Na nas romerías
viase composta,
cobiza de mozos,
i curvaca de donas.*

*¡Ilusións falaces!
¡Ilusións de moza!
¡Que quixese o porco,
non houbo persona!*

*Temerosa, a vente
fuxialle toda,
como si fuxira
de inmunda carroña.*

*Volveuse a rapaza
coa esperanza morta,
sen máis compañía
que a súa congoza.*

*È pol-o camiño
falaba ela soia:
"Con este marrano,
¿qué fago eu agora?"*

*¿Seguilo mantendo?
¡Non val nin a broa!
¿Ardña levado
a unha feira nova?*

*È perdel-o tempo.
Todo o mundo o odia.
A súa presenza
xa ninguén soporta.*

*Hai que decidirse
dunha ves por todas.
¡Meterlle o coitelo
enteiro na gorxa!'*

Istá en Bós Aires o Líder Vasco Manóel Irujo

Chegou a ista capital o esgrevio político vasco doutor Manóel Irujo, ex-ministro da República Hespañola. Ficaré aquí algunhas semáns e logo voltará a París, lugar da súa residencia. Veu a América en cumprimento d-unha misión que lle fora encomendada pra reaizar en Venezuela, e dende alí trasladouse a Bós Aires pra visitar a súa nai, residente n-ista cidade.

A persoaalidade de Irujo é ben coñecida e goza de moita estima antre os patriotas galegos, non somentes pol-as semellanzas ideolóxicas, senón tamén pol-as súas actuacións á veira dos nosos guieiros i en aitos de intrés pro galeguismo. N-efeuto, o señor Irujo representou a Euzkadi na firma do pauto de Galeuzca en Compostela, foi en tudo intre afer-voador defensor do Estatuto Galego e durante a guerra civil e no eisilio, mantivo sempre estreito contaito co abandeirado das aspiracións galegas, señor Castelao.

Cando chegou, concurriron ao aeródromo de Morón pra lle dar a benchegada, o presidente do Consello de Galiza, D. Alfonso R. Castelao e os membros do mesmo, D. Antón Alonso Ríos e D. Elpidio Villaverde, o presidente da Irmandade Galega, D. Manóel Puente e o irmán Prada.

Días dispóis, o señor Irujo fixo unha visita ao Centro Galego de Bós Aires na compañía do señor Castelao e outros membros da nosa Irmandade, pasando logo ao Centro Orensano, cuías autoridades, encabezadas pol-o seu presidente, D. Antón Rodríguez, lle oferceron un "coktel" que deu lugar a unha fraternal xuntanza de vascos e galegos, na que se brindou pol-as comúns aspiracións dos dous povos.

Pol-a súa parte, o Consello de Galiza agasalouno con unha cea no Alvear Hotel, da que participaron, ademais do señor Irujo, os señores Castelao, Alonso Ríos, Villaverde (Elpidio), o presidente da Irmandade Galega, señor Manóel Puente, o presidente do Centro Orensano, señor Antón Rodríguez e os señores Claudio Fernández, Perfeuto López, Xosé B. Abreira, R. Prada e Francisco Fernández.

Do que Foi e do que Debera ser o Día de Galiza

Renovarse é vivir, dí un refrán. Renovarse é vivir porque tal feito esmorece o desgano do xa gastado. Os faros que alumean a roita dos mariñeiros unha vez deixados lonxe, esquécense pra outar no hourizonte outro novo que sirva de guiero. No percorrer da hestoria as cumes de gloria alumean quizavel perante séculos o desenrolo dos povos. Mais chega certo intre no que a súa influencia vaixe esmorecendo. E que todo cambia. Nas entranas da terra as capas xeolóxicas; e na corteza da mesma, a vida toda. Por eso un feito glorioso, cume dun povo por ser o reflexo da súa civilización d-acordo co seu desenrolo en certa época, pode chegar co tempo a non ser xa tan fidel eispresión do seu ser e do seu sentimento. Porque os povos, como as entranas da terra, por seren a vida da súa corteza, tamén están suxetos á lei da evolución, e cambian. Vale decir, renóvanse. Os que tal non fan vanse desadaptando ás novas situacións, rematando na claudicación e a morte. Por eso a vida, a vitalidade d-un povo é máis forte cando o seu renacemento adaptado ás situacións da evolución xeral é máis axiña.

Nós os galegos temos no abreinte dos nosos antergos, días de gloria, cheos de ledicia e de saudade, que cumpriron no seu tempo ca misión de que se soupera que no mundo había un povo galego cumprindo con ou-

tura a súa misión en col da civilización universal. De todos esos feitos a lenda do Santo Xacóbeo encarnou a nosa persoaalidade facendo do seu nome o da nosa festa nacional. Isto paréceme ben, moi ben n-aquel entón en que o noso xeito encuadraba n-un mundo de lenda, no que o motor que movilizaba os exércitos i-engrandecía os povos era o fanatismo místico dos espíritos. No tempo en que entre o servo e Deus estaba con todo dereito o "Señor" con corpo de servo e mando de Deus como a cousa máis natural... Pero desde aquilo... o mundo foi cambiando e os povos renóvándose, vivindo hoxe nun concepto moi distinto da finalidade dos povos en col da civilización e dos dereitos do individuo en col dos povos. O que denantes fora o Día de Santiago, seguirá sendo o Día de Santiago, e os galegos seguiremos sentíndonos orgullosos do seu recordo pol-o que no seu tempo significou pra nós. Pero o novo Día de Galiza deberá ser festexado con outro sentimento, o sentimento dos povos que rexurden con concencia de nacionalidade, adaptado ó tempo en que a física i-a química moven o mundo. Quen siga na lua do meioevo sucumbirá.

O novo Día de Galiza debe ter sentimento de reafirmación nacional, pondo de manifesto, non soio como rutinariamente se fai, o que fumos, senón o que somos e máis aínda o que queremos ser. ABELLON.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidades.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO CENTRAL B
FRANQUEO PAGADO
 Concesión N.º 2032
TARIFA REDUCIDA
 Concesión N.º 2727
 Registro Nacional de la Prop. Intelectual 231.437

Ano XXX — Núm. 464

BOS AIRES, SETEMBRO DE 1948

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Aitos Culturales do Centro Lucense

Compráenos facer resaltar a acción cultural que derradeira-mente desenrolou o importante Centro Lucense, e que consistiu nun ciclo de audicións radiaes e n-outro de conferencias ditadas na súa sede social. As dúas xerzas culturais estiveron orgaizadas baixo do sino patriótico galego, sino que hoxe xa constitúe a tónica obrigada de tudol-os aitos da nosa colexividade.

AS AUDIÇÕES RADIAES

Foron feitas pol-a Emisora L. S. 4 Radio Portaña, nos días comprendidos entre o lús 19 e o domingo 25 de xullo, e adicadas a celebrar o Día de Galiza.

Disertaron n-ises días, respectivamente, os señores Indalecio Alvarez, Dr. Alfonso Díaz Trigo, Xulio Fernández, señorita Mabel Obarrio, Inxeniero Diego Díaz, Dr. Fiz Fernández e Xohan Fernández, abordando temas interesantes pras xentes galegas e pra os ouvintes en xeral. Cabe destacar a disertación do Inx. Diego Díaz que versou sobor do tema: "Qué se falou primeiro: o Galego ou o Castelán?", traballo de outros méritos que foi

eloxiosamente comentado nos ambientes culturais da nosa colexividade.

Contribuiu a darlle cuta categoría artística ás ditas audicións radiaes, o concurso do Coro "Os Rumorosos", que baixo a dirección do mestre Corallini, desenrolou locidamente amplo programa de cancións do noso "folklore".

AS CONFERENCIAS

O ciclo de conferencias desenrolouse dende o día 31 de xullo até o 11 do mes corrente na Sala-biblioteca do Centro Lucense, habendo istado moi concurridas. Pol-a tribúa desfiaron outros valores intelectuales que brindaron brillantes disertacións. Do ciclo, temos de pór de releve dúas conferencias, que versaron sobor de temas especificamente galegos: a do Dr. Manoel Blasco Garzón e a do Dr. Alfonso Díaz Trigo.

O Dr. Blasco Garzón disertou sobor de "Galicia y sus aspiraciones". Ben coñecida é a ampla simpatía que o ilustre exministro da República Hespánica, sinte pol-a nosa Terra, así coma sua decidida opinión a prol do réxime das autonomías rexionales. Saturada d-ise espíritu i enaltecida pol-a súa outa versazón xurídica e pol-a estraordinaria elocuencia que lle é característica, a conferencia do Dr. Blasco Garzón acadou preno éxito.

O sábado 4 do corrente, o Dr. Alfonso Díaz Trigo ofreceu, con brillanteza de estilo e profundidade de conceptos, dúas mañifecas estampas: unha de Galiza e a outra de Castela. Soupo o conferencista, d-unha maneira perfecta, establecer o rexo contraste entre a doce, húmida, lene e verdecente Galiza e a rispida, reseca, aspra e parda Castela. O mesmo no aspecto físico coma no espiritual. Sen que o disertante fixera alusión algunha ao problema político, elo, o problema da antítesis Galiza-Castela, xurdía nidiamente das dúas estampas que dibuxou con liñas certeiras e iluminou con coores maxistraes. Galiza e Castela son dous mundos diametralmente difrentes, son dúas nacionalidades craramente definidas. Díaz Trigo fixo unha conferencia limpamente ouxetiva; mais elo abndou. Da propia núa ouxetividade, xurdía con craridá meridiana a reciedume subxetiva d-un aspecto do drama hespañol: da imperiosa necesidade de que Galiza se ceibe do asoballamento cultural e político de Castela. Galiza ten de faguer a súa vida; e o mesmo ten de faguer Castela e as demais nacionalidades peninsulares. Sen perxuicio de que tudas, —por propia e común comenencia—, cheguen a unha outa e sincera colaboración para lograr unha gran República Federal Hespánica.

Homaxe do Centro Orensano á Federación de Soc. Gallegas

O domingo 22 d-agosto derradeiro, momentos denantes do homaxe a Bóveda, descubréuse no "hall" do Salón-Teatro da Federación de Sociedades Gallegas unha artística praca que o Centro Orensano lle ofreceu á dita Federación, co gallo da inaugurazón do seu nóvo edificio.

Fixo o ofrecemento, en axetadas verbas, o presidente do Centro Orensano, D. Antón Rodríguez, facendo resaltar o beneficio que pra colexividade galega supuña o dotala de tan amplo e belido Salón-Teatro. Terminou o señor Rodríguez o seu discurso, que foi moi apraudido, dicindo:

Señores: nada máis oportuno que istés días evocativos da galegidade, nos que todos puxemos un compás de espera nas nosas diarias ocupacións pra asistir con cariño i emoción aos aitos excepcionalmente patrióticos i eminentemente republicanos, que foron realizados con motivo do Día de Galicia, pra descubrir esta modesta placa, cúa lenda escrita no noso idioma desexamos sexa precursora de venturosos acontecementos pra nosa Terra... que en ela se miren as xerazas do futuro e que lle sirva de exemplo pra impor que a nosa lingua recobre a xerarquía que lle foi sustraída e que ela sexa tamén símbolo de unión entre todos os galegos, pra poder de ise modo ofrecernos ante o mundo, como especial exemplo e sazonado fruto de unha orgaización colextiva e capacitación personal, dignas da nosa milenaria raza.

A nome da Federación de Sociedades Gallegas, aceitou o homaxe o señor Ramón Mouzo, quen adicou verbas de gratitudade e de gratitudade ao Centro Orensano.



IX

MOINO

Dende a comporta da represa a i-úgoa vai pol-a canle, cantareira, á cuba, e, dando un pulo, no bocal s-enriba e gurgullentos fervenzores frágoa.

N-antes que o grao á moega ruba, a moineira, de marcla enúgoa, enche a moquía sin rebola e mágoa pol-a siareira que, ao tal vér, se anuba...

Fire ás cullaras do rodicio o diuro que sai da bura e cristals zascoa, mentras enriba brinca a tezídeira.

Ben arranzado logo o aluviadouro, vai zascoando darredor a moa un arosanto de fariña albeira.

X

ARTESA E FORNO

Enfariñada, na sinxela artesa, a masa agarda que se quente o forno, e, levedando, n-ese ambiente morno, regaña, e oupa, e fáise máis estesa.

No forno, a pila de rachóns acesa, alzas e cúpula vai branqueando en torno, n-entanto a dona, roxa e-ó bochorno, e-ó rodo arrastra a borralla á presa.

A bola-bica xa réquer que a escoba barra a soeira, ben mollada e nova, pra, no rescaldo, ben cocerse, lente;

i-eisí, pr-á proba, no cantar reparta a nai aos fillos unha boa farta, logo que a paa encha o forno quente!

Salgueiro do pé do río, cuberto de freres brancas, icómo queres que te queira tendo corteza de tantas?

Moreniña, por morena, téñoche o ollo botado: has de ser miña muller ou non hei de ser casado

Canta, rula; canta, rula; canta, rula, n-aquel sonto... Probiño de aquel que espera pol-o que está nas mans de outros.

Con unaco de un petillo e unha copa de augardente e un abrazo de unha moza eu marchu un home contento.

De Antón Zapata García

Loubanza ao Grau de Millo

POEMA EN DOCE SONETOS

A Ramón Otero Pedrayo,
no fondo agarimo á Nai
Terra Galega

(Continuación do núm. antederradeiro)

Branco grau de millo,
de Sara Mai fillo;
branco pan de broa
de condición boa:
Partureto, novo
Cristo do meu povo,
con amor che canto
¡Santo, Santo, Santo!

XI

FORNADA

*Enche a cocíña, estanzas e faiado,
do pan de broa o apetil recendo,
que anque a fornada aínda está cocendo,
aquél, da porta, sai por un furado.*

*Co-a inqueda de o topar queimado,
a dona chega de lavar, correndo,
e o forno abrindo, e a abentar contendo,
olla ao carolo que xa está dourado.*

*Chegan pos d-ela, catro ou cinco nenos
coloradiños máis que pera urraca,
que, tamén, oílan cómo a nai, na artesa*

*—inda e-ó apuro n-ós botou de menos—,
os pans vai pondo que, do forno, saca,
e ao derradeiro, dílle: —"Tí, pr-á mesa!"*

XII

PAN DE BROA

*Na santa cea d-ese mesmo día,
abós, netiños, a nanái e o dono,
séntanse á mesa —que, do pan, é trono—,
con doce cuncas n-as que o caldo enfría.*

*E-ó bó cuitelo que a patrona afía
n-os sentimentos, sen ningún encono,
cúmprese a arela do labrego ensono:
partese á broa... icómo a Eucaristía...!*

*Dende o alzadeiro, o quinqué alumca
aos doce apóstoles da aldeana cea,
e o patrón dílle ao primeiro fillo:*

*—Hoxe, con nosco; sempre, á nosa usanza,
do Pai da Broa facerás loubanza:
¡Sempre alabado sexa o Gran de Millo!...*

CANTARES

*Salgueiro do pé do río,
cuberto de freres brancas,
icómo queres que te queira
tendo corteza de tantas?*

*Moreniña, por morena,
téñoche o ollo botado:
has de ser miña muller
ou non hei de ser casado*

*Canta, rula; canta, rula;
canta, rula, n-aquel sonto...
Probiño de aquel que espera
pol-o que está nas mans de outros.*

*Con unaco de un petillo
e unha copa de augardente
e un abrazo de unha moza
eu marchu un home contento.*

*Arribá, pandeiro vello;
abáiro manta furada:
a onde chegan as mulleres
os homes non valen nada.*

*Que piñeirños máis altos,
que piñas tan amarelas,
As palabriñas dos homes
quen che se fiara de elas.*

*Olvidácheme, olvideite,
metínche a figa nos ollos;
o día que me olvidache
xa tomei amores novos.*

*Heicho de mandar decer,
anque sexa pol-as nubes,
que me mandes ese anelo
das tres vadriñas azules*

*De Lisboa me mandaron
tres peras n-un ramallíño;
¡quén será esa persona
que me ten tanto cariño!*

*O corazón de unha pulga
quen-o pudiera guisar:
daba cantar e merenda
e cena para cenar.*

*Pica, canteiriño, pica
pica na pedra miuda,
pica na muller allea,
que outro picará na túa.*

*Os solteiros valen ouro;
os casados valen prata,
os viudos calderilla
i-os vellos follu delata.*